



O RELEVO TERRESTRE



Illas Cíes. "Las islas Cíes" (Luis Cayola, CC-BY-SA-4.0)



ÍNDICE

O RELEVO TERRESTRE

1. O RELEVO TERRESTRE E A SÚA FORMACIÓN.....	1
<i>Exercicios</i>	2
2. FORMAS DE RELEVO TERRESTRE.....	3
2.1 Relevo continental.....	3
2.2 Relevo costeiro.....	4
2.3 Relevo submarino.....	5
<i>Exercicios</i>	6
3. GRANDES UNIDADES DE RELEVO DOS CONTINENTES.....	7
<i>Exercicios</i>	9
SOLUCIÓN.....	11
Exercicio 1.....	11
Exercicio 2.....	11
Exercicio 3.....	11
Exercicio 4.....	12
Exercicio 5.....	12
Exercicio 6.....	13
Exercicio 7.....	14

1. O RELEVO TERRESTRE E A SÚA FORMACIÓN

- **Que é o relevo terrestre?** O relevo terrestre son as formas que presenta a superficie da Terra, tanto a emerxida como a somerxida nos mares e océanos.
- **Como se forma o relevo terrestre?** O relevo terrestre é o resultado de dous grandes axentes ou forzas que actúan dende o interior e o exterior da **codia terrestre** (a capa máis externa da Terra):
 - a) **Os axentes internos ou forzas endóxeas:** actúan dende o interior da Terra, destacan tres: a **tectónica de placas**, é o movemento das placas en que se divide a codia terrestre e que poden chocar orixinando **pregamentos** ou **fracturas (fallas)** ao longo do tempo; os **volcáns**, que son fendas na superficie terrestre das que saen ou saíron materiais (lava, gases...) do interior da Terra, e, por último, os **terremotos** (tremores violentos da codia terrestre).
 - b) **Os axentes externos ou forzas esóxeas:** actúan no exterior da superficie terrestre modelando o relevo a través da **erosión** (desgaste dos materiais da codia terrestre producido polo vento, os ríos, os movementos do mar, a chuva, a temperatura, a vexetación, a actividade humana...); o **transporte** e a **sedimentación** (depósito dos materiais erosionados e transportados previamente).



Acción erosiva do mar. Praia das Catedrais en Ribadeo, Lugo (José Luis Cernadas Iglesias, CC-BY-2.0)



Elaboración propia



EXERCICIOS

Exercicio 1

Cal é a diferenza entre os axentes internos ou endóxenos de formación de relevo e os axentes externos ou esóxenos?

Exercicio 2

A fotografía amosa a erupción en 1980 do volcán Strómboli (Italia), que tipo de axente de formación de relevo é este volcán?

Exercicio 3

Define:

- a) Relevo
- b) Erosión
- c) Sedimentación
- d) Códia terrestre



"Stromboli eruption" (Wolfgang Beyer, CC-BY-3.0)

2. FORMAS DE RELEVO TERRESTRE

O relevo terrestre presenta varias formas que podemos organizar en tres grandes grupos:

- Continental.
- Costeiro.
- Submarino.

2.1 Relevo continental

Son as formas de relevo que atopamos no interior dos continentes. Os **continentes** son grandes superficies da codia terrestre emerxida (os seus nomes son **Europa, América, África, Asia, Oceanía e Antártida**), rodeados de océanos (océano **Atlántico, Pacífico, Índico, Glacial Ártico, Glacial Antártico**) e de mares.

Algunhas formas de relevo continental son:

- **Montaña:** son elevacións da superficie terrestre de máis de 600 metros de altitude (a altitude é a altura sobre o nivel do mar).
- **Cordilleira, serra, macizo:** son agrupacións de montañas. Normalmente un conxunto de **serras** forman unha **cordilleira**. Os **macizos** son grupos de montañas erosionadas.
- **Meseta:** é unha elevación extensa e máis ou menos chá da superficie terrestre de máis de 200 metros de altitude.
- **Outeiro:** é unha elevación de terreo de pouca extensión.
- **Chaira:** é unha extensión chá de superficie terrestre por debaixo dos 200 metros de altitude.



A montaña Ama Dablan nun sector da cordilleira do Himalaia. "Himalayas, Ama Dablam, Nepal" (Vyacheslav Argenberg, CC-BY-4.0)



Á dereita da foto, a meseta de Columbia. EE. UU.



A Gran Chaira Europea en Ucraína. "Odessa oblast field" (Heulwolf, CC-BY-SA-3.0)

- **Depresión:** son as áreas afundidas da superficie terrestre. Cando as depresións están percorridas por ríos que erosionan (escavan) o terreo polo que discorren fórmanse os **vales** (os vales tamén poden estar percorridos por masas de xeo, os **glaciares**, e reciben o nome de **vales glaciares**).



"Valle do Miera-La Concha" (Emilio Gómez Fernández, CC-BY-SA-4.0)

2.2 Relevo costeiro

Son as formas de relevo que atopamos na costa ou no litoral (o espazo de contacto entre terra e mar). Algunhas formas de relevo costeiro son:

- **Península:** extensión de terra rodeada de auga mariña por todas as partes agás por unha chamada **istmo**.
- **Illa:** extensión de terra emerxida rodeada de auga por todas as partes.
- **Arquipélago:** conxunto de illas.
- **Cabo:** entrante da costa no mar.
- **Golfo:** grande entrante do mar na costa. Cando é de menor tamaño chámase **baía**.
- **Ría:** val ocupado polo mar. Cando o val se formou polos glaciares chámase **fiorde**.
- **Delta:** acumulación de sedimentos (materiais erosionados e transportados polos ríos) de forma triangular que se depositan en grandes cantidades na desembocadura dun río.




Modificación a partir de "Península Iberica-Iberian Peninsula" (Emilio Gómez Fernández, CC-BY-SA-3.0)

2.3 Relevo submarino

Son as formas de relevo situadas no fondo de océanos e mares.

- **Plataforma continental:** continuación dos continentes baixo o mar ata os 200 metros de profundidade.
- **Talude continental:** chanzo en que a plataforma continental dá paso ás partes máis profundas do fondo mariño.
- **Chaira abisal:** grandes planicies no fondo dos mares.
- **Dorsal oceánica:** cadea montañosa submarina.
- **Foxa abisal:** gran depresión situada no fondo mariño.

Relieve submarino




"Relevo submarino" (Mariiana QM, CC-BY-SA-4.0)

EXERCICIOS**Exercicio 4**

Traballa co mapa:

- Identifica e define as formas de relevo costeiro sinaladas no mapa cos números 1, 2, 3 e 4.
- Identifica e define as formas de relevo submarino sinaladas no mapa cos números 5, 6 e 7.
- Poderías sinalar no mapa a lenda, o título e a escala?



"Celtic Sea and Bay of Biscay bathymetric map-es" (Emilio Gómez Fernández, CC-BY-SA-4.0)

Exercicio 5

Explica a diferenza entre:

- Montaña e cordilleira.
- Chaira e meseta.
- Illa e arquipélago.
- Talude continental e plataforma continental.

3. GRANDES UNIDADES DE RELEVO DOS CONTINENTES

Aínda que son moitas (e deixando á marxe os cabos e golfos), destacan as seguintes grandes unidades de relevo:



"Mapa do relevo terrestre" (Vaninasav76, CC-BY-SA-4.0)

EUROPA		ASIA	
Cordilleiras	Montes escandinavos, Alpes, Macizo Central Francés, Pireneos, Cárpatos, Cáucaso, Urais	Cordilleiras	Himalaia (na cal está o Everest, a montaña máis alta da superficie emerxida terrestre, con 8.848 metros)
Chairas	Gran Chaira Europea	Mesetas	Tíbet
Illas	Islandia, Gran Bretaña, Irlanda, Balears, Córsega e Sicilia	Illas	Borneo, Ceilán, arquipélago do Xapón, arquipélago das Filipinas
Penínsulas	Ibérica, itálica, balcánica, escandinava	Penínsulas	Anatolia, arábica, Corea, Indochina


ÁFRICA		AMÉRICA	
Cordilleiras	Atlas, montes Drakensberg	Cordilleiras	Montañas Rochosas, Andes, Apalaches
Depresións	Níxer, Congo, Chad, Nilo, Zambeze	Chairas e mesetas	Chaira chaco-pampeana, meseta brasileira
Illas	Madagascar	Illas	Groenlandia, Victoria, Baffin, Cuba
Penínsulas	Corno de África	Penínsulas	Labrador, California, Florida, Iucatán
OCEANÍA		Illas	Australia, Nova Guinea

Amplía coñecementos

A Terra ten varias capas de distinto grosor e materiais.

O **núcleo** é a capa máis interna composta por ferro e níquel. O **manto** é a capa que rodea o núcleo, está formado por diversos materiais, algúns deles están parcialmente fundidos, como o **magma**. A **codia** é a capa máis superficial, que contén rochas sólidas e solo. A codia e a parte superior do manto forman a **litosfera**.

A Terra ten, ademais, outras capas: a **hidrosfera**, integrada polas augas do planeta; a **atmosfera** ou envoltura gaseosa, e a **biosfera**, unha delgada capa onde habitan os seres vivos.




"Corte esquemático da Terra.es" (Maxkario, CC-BY-SA-4.0)

EXERCICIOS

Exercicio 6

Sinala no mapa as seguintes grandes unidades de relevo:

- a) Península ibérica
- b) Gran Chaira Europea
- c) Gran Bretaña
- d) Alpes
- e) Península balcánica
- f) Atlas



"Europe topography map" (San José, CC-BY-SA-3.0)

Exercicio 7

Sinala no mapa as seguintes grandes unidades de relevo:

- a) Groenlandia
- b) Andes
- c) Florida
- d) Rochosas



"América mudo" (MaestruliVerit, CC-BY-SA-3.0)